



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

M E M O R I A (CONTA XERAL 2013)

Ao obxecto de dar cumprimento ao establecido nas Regras 100 a 104 da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, fórmase á Conta Xeral da Entidade Local correspondente ao ano 2013.

NORMATIVA REGULADORA

RD-Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Téxto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: art. 208-212 e 191-193.

Regulamento Orzamentario aprobado polo RD 500/1990, de 20 de abril: art. 89-105.

Orde EHA/4014/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local. Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local.

RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira

TRAMITACIÓN

Os artigo 208, 209 e 212 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, así como as Regras 102 e 103 da IMNCL, regulan os diferentes prazos da tramitación da Conta Xeral:

Rendición de estados e contas: En cumprimento do previsto no artigo 212.1 do TRLRFL, o Presidente da entidade rendirá a conta antes do 15 de maio do exercicio inmediato ao seguinte ao que corresponda. O apartado 2) do devandito precepto, establece que a Conta Xeral de cada exercicio sometarase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local

A Conta Xeral e o informe da Comisión Especial de Contas exporase ao público por un prazo de 15 días durante os cales e 8 máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións. Examinados éstas pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola mesma cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e das reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

Sometida a Conta Xeral aos trámites anteriores, remitirase a mesma ao Tribunal de Contas e ao órgano Fiscalizador Externo que corresponda antes do 15 de outubro, seguindo os procedementos telemáticos e formatos que a normativa vixente teña previsto en canto a transferencia de datos.

Os documentos que integran as contas anuais a conforman o Blance, a Conta de resultado Económico-Patrimonial, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demás estados complementarios.

A Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a instrucción do modelo normal de contabilidade local, regula a estrutura e contenido da memoria, os distintos documentos que a conforman así como, aqueles sobre os que resulte necesario un comentario ou explicación dos cambios que se produciran ao longo do exercicio económico.

A memoria que conforma a Conta Xeral ten como finalidade completar, ampliar e comentar a información contida no Balance, na Conta de resultado económico patrimonial e no Estado de Liquidación do Orzamento.

1- ORGANIZACIÓN.

1.1. Constitución e natureza.

A “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo” é un organismo autónomo administrativo con personalidade xurídica pública e patrimonio propios para o cumprimento dos seus fins. Este organismo autónomo está sometido a tutela, fiscalización e control do Concello de Vigo e ten unha duración indefinida.

Foi creado por acordo do Pleno da Corporación de 29 de xullo de 1996, publicándose a súa constitución e estatutos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 4 de setembro de 1996. Ditos estatutos foron modificados por acordos plenarios de 20 de outubro de 2000 e 26 de abril de 2010. A creación do organismo autónomo amparouse nos artigos 15 a 19 do Regulamento de Xestión Urbanística e no artigo 85.3 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (agora artigo 85.2.A).b) da mesma norma).



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

1.2. Funcións do Organismo Autónomo.

A Xerencia Municipal de Urbanismo ten encomendada, con carácter xeral, a xestión urbanística no termo municipal de Vigo e, en especial:

a) As funcións instrumentais de estudio e xestión relativas a:

- Elaboración de plans e proxectos de ordenación urbana, tanto Xeral como Parciais e Especiais, Programas de Actuación Urbanística, Estudios de Detalle, Ordenanzas de Edificación e Usos do Solo, Catálogos e demáis normas urbanísticas, establecemento dos sistemas de actuación aplicables para a execución de planeamento en unidades de ejecución, proxectos de urbanización ou de obras ordinarias, proxectos de reparcelación e de expropiación e cantos proxectos de iniciativa municipal se lle encomenden.
- Programa-la actuación urbanística a medio e a curto prazo.
- Redactar, tramitar e executar proxectos de expropiación forzosa ou de desafiuizamento de bens ou dereitos arrendaticios por razons urbanísticas, correspondendo a decisión ao Pleno da Corporación en canto á declaración de utilidade pública e interese social, máis a necesidade de concreta ocupación de bens en orde á expropiación, cando dita decisión non se derive da automática aplicación do disposto nos Plans de Ordenación Municipal.
- Preparar e propoñer a aprobación das organismos competentes, calquera clase de documentos e proxectos de índole urbanística que deba redacta-lo Concello.
- Informar e propoñer a aprobación, no seu caso, dos expedientes que se tramitan a iniciativa particular nas materias sinaladas nos apartados anteriores ou que se promoven por órganos do Estado ou entidades de dereito público, con suxección ao planeamento urbanístico.

b) Executar, directa ou indirectamente, plans, programas e proxectos urbanísticos, así como realizar cantos actos que a lei atribúe aos Concellos en relación coa execución do planeamento.

c) As funcións de policía urbanística relativas a:

- Sinalamento de aliñacións e rasantes.
- Concesión de licenzas urbanísticas relativas a edificación e uso do solo, subsolo e vóo.
- Ordes de execución en materia urbanística.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

- Revisión das licencias ou ordes de execución o contido das cales constitúan unha infracción tipificada como grave.
 - Aprobación de pregos de condicións e contratación de obras de urbanización.
 - Expedición de informes e de cédulas urbanísticas.
 - Xestión da inspección urbanística.
 - Exercicio da potestade sancionadora por infraccións urbanísticas cometidas, e de re establecemento da legalidade urbanística.
 - Inclusión e venda forzosa de fincas mediante a súa incorporación ao Rexistro Municipal de Solares e Terreos sen Urbanizar.
 - Concesión de licenzas de parcelación.
 - Declaración de estado ruinoso de inmobilés e a súa demolición.
- d) O nomeamento e a contratación do persoal propio da Xerencia, así como todo o referente ás retribucións, xornada de traballo, réxime disciplinario e cese de dito persoal, segundo convenio regulador dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, sen prexuízo do disposto no apartado f) do artigo seguinte.
- e) A xestión do Patrimonio Municipal do Solo, para o cal poderá adquirir, ocupar e aceptar cesións de terreos, posuir, reivindicar, administrar, gravar, allear ou ceder toda clase de bens e dereitos que integran dito patrimonio sen prexuízo das competencias que nesta materia lle corresponden ao Concello.
- f) Leva-lo Rexistro de Transferencias de Aproveitamentos Urbanísticos e demás Rexistros e inventarios.

1.3. Órganos de goberno.

Os órganos de goberno da Xerencia son:

- O Presidente.
- O Vicepresidente.
- O Consello da Xerencia.
- O Xerente.

O Consello da Xerencia está presidido polo Alcalde-Presidente do Concello e integrado por dez concelleiros nomeados polo Pleno, a proposta dos grupos políticos municipais, en proporción á representación de cada ún deles na Corporación municipal.

1.4. Persoal que presta servizo.

O persoal que presta servizo na Xerencia Municipal de Urbanismo está integrado por 112 empregados (incluíndo as 4 prazas vacantes sin cubrir):



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

- 1) 30 funcionarios con praza no cadro de persoal do Concello e adscritos á Xerencia Municipal de Urbanismo.
- 2) 81 funcionarios con praza no cadro de persoal propio do Organismo Autónomo (incluindo 4 prazas sin cubrir).
- 3) O xerente (posto de carácter de persoal eventual de confianza).

Ocasionalmente realizan nomeamentos de funcionarios interinos, baixo a modalidade de “sustitución transitoria do titular”, “obra ou servizo determinado” ou “acumulación de tarefas”.

O organigrama da Xerencia Municipal de Urbanismo está integrado, ademáis da Xefatura (da que depende directamente a Oficina de Vivenda e PMS), por 3 áreas:

- 1) Secretaría-Réxime interior: na que se integran os servizos e unidades de Secretaría-Asesoría Xurídica, Información, Rexistro, Arquivo, Administración Electrónica, Servizos Centrais e Económicos.
- 2) Área Técnica: que comprende Intervención Urbanística (Licenzas de Actividades, Licenzas de Obras, Infraccións Urbanísticas-Inspección, Inspección Técnica de Edificios e Conservación), Desenvolvemento Urbanístico (que inclúe Planeamento e Xestión, Urbanización e Infraestructuras, Cartografía e Delineación).
- 3) Área de Rehabilitación e Cascos Históricos.

1.5. Orzamento e principais fontes de financiación.

O Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2013 acadou, no estado de gastos, o importe de 6.981.764,37 euros, a nivel de créditos iniciais, e de 10.750.431,86 euros, a nivel de créditos definitivos. No estado de ingresos, as previsións iniciais foron de 7.455.993,56 euros, e as definitivas 8.284,596,02 euros. A diferenza entre ambos estados é consecuencia do remanente de tesourería negativo rexistrado na liquidación do orzamento de 2011.

As súas principais fontes de financiación son as taxas pola tramitación de expedientes de licenzas (cun peso aproximado ao 11% do Orzamento inicial), e as transferencias doutras Administracións, en especial a transferencia corriente realizada pola Administración Xeral do Concello (que representa un 75% do Orzamento inicial).



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

2.- XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVIZOS.

A prestación do servizo de xestión urbanística que desenvolve este Organismo Autónomo realizaase, ao cen por cen, en réxime de xestión directa ao abeiro do establecido polo artigo 85.2.A).b) da Lei estatal 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A través de contrato de asistencia técnica xestionase unha oficina dependiente da Xerencia Municipal de Urbanismo: a Oficina de Rehabilitación da Vivenda en Casco Vello e Bouzas.

3.- BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS.

a) Principios contables.

A presentación das contas, coas salvedades que se porán de manifesto nesta Memoria respecto ao patrimonio municipal do solo, persegue expresar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do Orzamento e dos resultados da entidade.

Na contabilidade séguense os principios de entidade contable, de xestión continuada, de uniformidade, de importancia relativa, de rexistro, de prudencia, de devengo, de imputación da transacción, do prezo de adquisición, de correlación de ingresos e gastos, de non compensación e de desafectación.

b) Comparación da información

A información é comparable coa do exercicio precedente, xa que non hay cambios nos criterios de contabilización.

4.- NORMAS DE VALORACIÓN

Aplícase na valoración dos bens (respecto ao inmovilizado e patrimonio, en xeral, e ao patrimonio municipal do solo, en particular) o prezo de adquisición ou o custe de producción de todos os bens.

Contas de inmobilizado

As contas do inmobilizado, reflecten a situación dada polo Balance a 31 de decembro de 2013. As variacións que se produciron no transcurso do exercicio veñen reflectidas no Balance pola diferenza entre os saldos ao peche do ano 2012 e 2013. O cadre de financiamento tamén representa un estado axeitado para a análise do Balance mostrando as variacións en canto a orixes e aplicacións así como as variacións do circulante.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

Ao non estar previsto no Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local a conta de inmobilizado en curso, os rexistros contables derivados da execución orzamentaria que teña efectos no inmobilizado, teñen o seu reflexo contable na conta correspondente do PGCPAL, con independencia de que a obriga que se estea recoñecendo se corresponda cun ben ou obra terminada ou se trate dunha fracción da mesma.

No relativo ás amortizacións do inmobilizado, tomouse como base de cálculo os saldos que figuran no Balance a 31 de decembro do exercicio anterior. A imputación sobre saldos do exercicio anterior se fundamenta nas seguintes vantaxes: a) ao calcular as cotas sobre períodos enteros, evítase a análise das adquisicións que se efectuaron no período, así como o número de meses que transcorren dende a súa adquisición até o peche do exercicio, b) permite, na maioría dos casos, que a amortización se realice sobre bens xa terminados e non sobre inmobilizados en curso. O método aplicado é unha continuidade do criterio establecido no ano 1992, polo tanto cumpre co principio de xestión continuada e de uniformidade.

É importante resaltar que, dentro do Inmobilizado, non figura aquel que debería estar adscrito ao Organismo Autónomo Administrativo, como patrimonio entregado en adscrición no Balance da Entidade Local e como patrimonio recibido en adscrición no Balance do Organismo Autónomo, polo tanto, a amortización dos bens inmobles, están a cargo da entidade matriz.

Provisións de inmovilizado e financieiras

Non se dotaron provisións de inmovilizado. Figura dotación na conta 4909 “Provisión saldos dudoso cobro” por importe de 1.517.883,00 euros.

Balance

O balance está conformado polos bens, dereitos e tesourería, que constitúen o activo da entidade, mentres que os fondos propios e as obrigas, forman o pasivo da mesma.

Continúa a tendencia iniciada no exercicio anterior cunha notable disminución nas contas de acreedores no pasivo do Balance. Os acreedores orzamentarios redúcense como consecuencia da axilización nos pagamentos das facturas ao aplicarse as normas sobre morosidade. Os acreedores non orzamentarios diminuíron por efecto da regularización da conta 51905.

Conta de Resultado Económico-Patrimonial



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

Este estado ven a sustuir o Estado de perdas e ganancias previsto no Plan de contabilidade pública do ano 1990, resumindo nun só documento os resultados de explotación, os resultados extraordinarios, e resultado da carteira de valores e o resultado das variacións de dereitos e obrigas de exercicios pechados.

A Conta de resultado económico-patrimonial recolle a diferencia que se produce entre ventas e ingresos de xestión común, os aumentos de existencias, outros ingresos comúns, as transferencias e subvencións, ganancias e ingresos extraordinarios e os gastos de funcionamento dos servizos e prestacións sociais, gastos financeiros, reducción de existencias, transferencias e subvencións e perdas e gastos extraordinarios.

O resultado final, foi un desaforro de 377.896,91 euros, fronte ao aforro de 6.555.156,67 do exercicio anterior no que se produciron dous ingresos extraordinarios: a cesión ó Concello por parte do IGVS das vivendas da rúa Teixugueiras (Navia), valoradas en 1.851.458,14 euros (contabilizados na conta 756), e a transferencia municipal para compensar o remanente de tesourería negativo do exercicio 2010, por importe de 2.714.200,74 euros. Ademáis os ingresos tributarios disminúen nun 10,56%.

5.- INVESTIMENTOS DESTINADOS AO USO XERAL.

Non existen modificacións respecto do exercicio 2012, non hai rexistro algúin neste estado.

6.- INMOVILIZACIÓN INMATERIAIS.

O Organismo Autónomo non ten inmovilizacións inmateriais.

7.- INMOVILIZACIÓN MATERIAIS.

De conformidade coa Instrucción de Contabilidade aprobada pola Orde EHA/4010/2004, de 23 de novembro, reflíctense nos listados anexos os datos respecto dos investimentos destinados ao uso xeral e ao inmovilizado material (saldo inicial, entradas e saldo final).

8.- INVESTIMENTOS XESTIONADOS.

A Xerencia Municipal de Urbanismo non ten investimentos xestionados.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

9.- PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO.

A xestión do inmovilizado do Patrimonio Municipal do Solo reflíctese nas contas do subgrupo 24. Non obstante é imprescindible realizar unha comprobación de saldos en coordinación co inventario existente, a efectos de dar cumprimento ao principio de imaxe fiel do patrimonio.

10.- INVESTIMENTOS FINANCIEIROS.

Soamente se rexistran movementos, como investimento financeiro temporal, polos préstamos sin xuros (anticipos) concedidos ao persoal de plantilla deste Organismo Autónomo (partida de gastos 1510.8300000 e concepto de ingresos 830.00).

11.- EXISTENCIAS

Non existen operacións a rexistrar neste estado.

12.- ESTADO DE TESOURERÍA.

12.a) O Estado de Situación de Existencias en Tesourería reflicte o saldo nas catro contas operativas que manexa este Organismo Autónomo, así como nas contas restrinxidas de fondos a xustificar. O saldo aumentouse lixeiramente en relación coa liquidez ao peche do ano 2012. Este incremento ten a súa orixe básicamente na adecuación do estado de ingresos á concxuntura económica, e á transferencia extraordinaria feita pola entidade matriz para fazer fronte ao remanente de tesourería negativo do exercicio 2011.

12.b) Non hai conciliación, por haber coincidencia entre os saldos das entidades financeiras e os saldos que conforman os rexistros contables do Organismo Autónomo.

13.- FONDOS PROPIOS.

O saldo da conta 129 “Resultados do exercicio”, acada un importe negativo de -377.896,91 euros e a conta 120 “Resultados de exercicios anteriores”, un importe positivo de 17.853.286,45 euros.

14.- ENDEBEDAMENTO.

Os estados informatizados non presentan movementos por non existir os supostos que poderían dar lugar ás correspondentes contabilizacións.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

15.- RECURSOS DOUTROS ENTES.

Non existen operacións neste Estado.

16.- OPERACIÓNES NON ORZAMENTARIAS DE TESOURERÍA.

Os estados contables que reflicten as operacións non orzamentarias estrutúranse en catro apartados (o último deles sen movementos):

- Debedores.
- Acreedores.
- Partidas pendientes de aplicación. Ingresos.
- Partidas pendientes de aplicación. Pagos.

Respecto aos debedores, o importe reflicte os saldos de Facenda Pública, IVE soportado e os anticipos e préstamos concedidos.

No apartado de “acreedores” destácanse as débedas coa Facenda Pública que se liquidan en xaneiro do exercicio seguinte. Outros importes salientables son os saldos de Tesourería da Seguridade Social, Fianzas e Depósitos e Outros Acreedores non Presupostarios.

No apartado de “partidas pendientes de aplicación, ingresos”, neste exercicio prodúxose a aplicación ao orzamento de ingresos, concepto 399.01, dos saldos da conta 55437 de antigüidade superior aos catro anos, por aplicación dos prazos de prescripción. Tamén se levaron ao orzamento os importes provintes da enaxenación do PMS, unha vez decidida a súa aplicación ao pagamento de expropiacións. Quedou reducido, polo tanto, o importe de ingresos pendientes de aplicación a 9.385,04 euros, na conta 55437.

17.- INGRESOS E GASTOS

17.a) Subvencións recibidas

1) SUBVENCIÓN DO CONCELLO PARA GASTO CORRIENTE:

- a) *Obxecto*: financiación parcial do gasto corriente deste Organismo Autónomo.
- b) *Entidade concedente*: Concello de Vigo.
- c) *Data concesión*: ao longo do exercicio orzamentario.
- d) *Importe total*: 5.102.452,95 euros.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

e) *Concepto orzamentario:* 400.00 Transferencia corriente da Administración Xeral da Entidade Local.

2) APORTACIÓN EXTRAORDINARIA CONCELLO. REMANENTE DE TESOURERÍA NEGATIVO 2011.

- a) *Obxecto:* compensación déficit remanente de tesorería negativo. Art. 193.3 LRHL.
- b) *Entidade concedente:* Concello de Vigo.
- c) *Data concesión:* 2 de xaneiro de 2013.
- d) *Importe total:* 474.229,19 euros.
- e) *Concepto orzamentario:* 400.01 Aportación extraordinaria remanente de tesourería negativo 2011.

3) SUBVENCIÓN DA XUNTA PARA OFICINA REHABILITACIÓN.

- a) *Obxecto:* subvención funcionamento oficina rehabilitación.
- b) *Entidade concedente:* Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).
- c) *Data concesión:* 24 de abril de 2012.
- d) *Importe total:* 45.806,45 euros.
- e) *Concepto orzamentario:* 450.60 Transferencia oficina rehabilitación.

4) SUBVENCIÓN DO CONCELLO PARA GASTO DE CAPITAL

- a) *Obxecto:* financiación parcial do gasto de capital deste Organismo Autónomo.
- b) *Entidade concedente:* Concello de Vigo.
- c) *Data concesión:* ao longo do ejercicio orzamentario.
- d) *Importe total:* 260.547,15 euros.
- e) *Concepto orzamentario:* 700.00 Subvención de capital da Administración Xeral da Entidade Local.

5) SUBVENCIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

- a) *Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Vigo.
- b) *Entidade concedente:* Ministerio de Fomento (Administración do Estado).
- c) *Data concesión:* convenio do 29 de abril de 2011 (12ª fase).
- d) *Importe total:* 270.600,00 euros.
- e) *Concepto orzamentario:* 720.06 Transferencia de capital da Administración Xeral do Estado.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

6) SUBVENCIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

- a) *Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Bouzas.
- b) *Entidade concedente:* Ministerio de Fomento (Administración do Estado).
- c) *Data concesión:* convenio do 29 de abril de 2011 (7^a fase).
- d) *Importe total:* 67.500,00 euros.
- e) *Concepto orzamentario:* 720.07 Transferencia de capital da Administración Xeral do Estado.

7) SUBVENCIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

- a) *Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Vigo.
- b) *Entidade concedente:* Ministerio de Fomento (Administración do Estado).
- c) *Data concesión:* convenio do 14 de maio de 2012 (13^a fase).
- d) *Importe total:* 173.250,00 euros.
- e) *Concepto orzamentario:* 720.08 Transferencia de capital da Administración Xeral do Estado.

8) SUBVENCIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

- a) *Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Bouzas.
- b) *Entidade concedente:* Ministerio de Fomento (Administración do Estado).
- c) *Data concesión:* convenio do 14 de maio de 2012 (8^a fase).
- d) *Importe total:* 46.875,02 euros.
- e) *Concepto orzamentario:* 720.09 Transferencia de capital da Administración Xeral do Estado.

9) SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

- a) *Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Vigo.
- b) *Entidade concedente:* Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).
- c) *Data concesión:* convenio do 29 de abril de 2011 (12^a fase).
- d) *Importe total:* 205.000,00 euros.
- e) *Concepto orzamentario:* 750.66 Transferencia de capital da Administración Xeral da Comunidade.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

10) SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

- a) *Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Bouzas.
- b) *Entidade concedente:* Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).
- c) *Data concesión:* convenio do 29 de abril de 2011 (7^a fase).
- d) *Importe total:* 67.500,00 euros.
- e) *Concepto orzamentario:* 750.67 Transferencia de capital da Administración Xeral da Comunidade.

11) SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

- a) *Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Vigo.
- b) *Entidade concedente:* Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).
- c) *Data concesión:* convenio do 14 de maio de 2012 (13^a fase).
- d) *Importe total:* 75.000,00 euros.
- e) *Concepto orzamentario:* 750.68 Transferencia de capital da Administración Xeral da Comunidade.

12) SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS.

- a) *Obxecto:* axudas para a rehabilitación de vivendas no Barrio Histórico de Bouzas.
- b) *Entidade concedente:* Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).
- c) *Data concesión:* convenio do 14 de maio de 2012 (8^a fase).
- d) *Importe total:* 25.000,00 euros.
- e) *Concepto orzamentario:* 750.69 Transferencia de capital da Administración Xeral da Comunidade.

17.b) Subvencións concedidas

Tan só hai a transferencia que se fai á entidade matriz polos custos que afronta ésta polo persoal adscrito ao Organismo.

17.c) Outras circunstancias de carácter sustantivo

Ningunha.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

18.- VALORES RECIBIDOS EN DEPÓSITO.

Do estado de valores recibidos en depósito dedúcese que existen únicamente cancelacións dos avais depositados noutros exercicios. Os avais de urbanismo seguen depositándose na Tesourería da Administración Xeral do Concello.

19.- CADRO DE FINANCIAMENTO.

Este estado recolle os fondos obtidos e aplicados, tanto polas operacións de gastos e ingresos como as derivadas de adquisicións ou altas de inmobilizado.

Dos datos incluidos no cadro de financiamento dedúcese, no que se refire aos fondos aplicados, unha disminución dos recursos aplicados en operacións de xestión respecto do exercicio anterior de un millón de euros. A orixe está nas adquisicións e outras altas do inmovilizado, que en 2012 acadaran un importe moi elevado como consecuencia, básicamente, da cesión das vivendas de Navia efectuada polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Polo que respecta aos fondos obtidos, prodúcese unha disminución cercana aos 6 millóns de euros respecto do exercicio anterior. Dito descenso débese, principalmente á disminución das transferencias e subvencións recibidas.

En canto á variación no capital circulante, o resultado é un descenso de 696.976,05 euros equivalente ao exceso de aplicacións sobre orixes.

20.- INFORMACIÓN ORZAMENTARIA.

20.a) Exercicio corrente

Os valores que amosan os estados liquidatorios, teñen incorporadas as porcentaxes de execución. No estado de gastos as obrigas recoñecidas, os pagamentos e as obrigas pendentes de pagamento ao peche. No estado de ingresos, os recoñecementos de dereitos, a recadación neta e os ingresos pendentes de cobro ou de aplicación.

Orzamento de gastos:

Modificacións de crédito.

Os estados contables que recollen as modificacións orzamentarias reflecten operacións de incorporación de remanentes por proxectos que teñen o financiamento afectado e coas xeracións de crédito por enaxenacións de bens e, sobre todo, polas subvencións de capital recibidas da Administración central e autonómica para o fomento do Plan de



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

Vivenda. As modificacións de crédito acadaron un importe total de 3.768.667,49 euros. Durante o exercicio incoáronse doce expedientes de modificacións orzamentarias.

Remanentes de crédito.

Da información do estado de remanentes de crédito destácase que dos 2.795.402,67 euros totales, 2.524.053,97 euros son considerados como “incorporables”.

Os remanentes de crédito son obxecto da tramitación dun expediente de modificación orzamentaria, no que se incorporan, salvo renuncia expresa, todos aqueles gastos asociados a proxectos que teñen financiamento afectado, así como aqueles outros que, con independencia do seu financiamento, estean comprometidos, sempre e cando non fosen incorporados xa no ano precedente. En concreto, a incorporación de remanentes ao Orzamento 2014 acada un importe de 2.430.788,60 euros.

Execución do estado de gastos.

Na análise dos estados de execución, pódese dicir que a execución foi máis alta que no exercicio anterior, xa que chegou a recoñecemento de obrigas o 74% dos créditos definitivos, e delas, foron pagadas un 96,21%.

Destaca o nivel de execución do capítulo 1 cun porcentaxe do 95,50%.

Pola contra, os capítulos 6 e 7 tiveron indicadores de execución moi baixos en relación cos créditos definitivos. Os créditos que figuran no capítulo 7, son consecuencia das subvencións feitas por outras administracións, polo que deben ser obxecto de incorporación e teñen unha execución plurianual.

En canto ao capítulo II gasto corrente en bens e servizos, a súa execución foi dun 83,79%.

O incremento dos gastos correntes, respecto de 2012, débese básicamente a tres motivos:

- No ano 2012 non se pagou a paga extraordinaria de decembro (159.293,19 euros).
- Á execución de dúas sentenzas con orixe en anos anteriores: 127.304,30 euros do RCA 24841/2000 e 86.814,36 euros do RCA 70/2011.
- A execución subsidiaria levada a cabo na rúa Churruga: 296.581,09 euros (subsidiaria por infracción dos anos 90).



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

Orzamento de Ingresos:

Execución do estado de ingresos.

Os niveis de execución do orzamento de ingresos foron similares aos do orzamento de gastos. Acadouse unha execución dos dereitos recoñecidos en relación coas previsións definitivas do 95,21%, fronte ao 98,35% do ano 2012, e recadouse un 89,96% dos dereitos recoñecidos fronte ao 83,92% do ano 2012. No indicador non se está tomando en consideración o financiamento con remanentes.

Das previsións definitivas de ingresos propios do Organismo, previstos no capítulo III do estado de ingresos, recoñéceronse dereitos por un 79,10% sobre as previsións definitivas, fronte ao 113,95% de 2012. Nese ano fixéronse aplicacións que estaban pendentes en contas non orzamentarias. A recadación deste capítulo tivo unha porcentaxe alta, representando un 83,00% sobre os dereitos recoñecidos, porcentaxe similar ao 84,09% do ano 2012. A execución quedou un pouco alonxada das previsións feitas de ingresos propios, a pesares dos axustes efectuados como consecuencia da convivencia económica.

O nivel de execución do estado de gastos, xunto coa maior coherencia entre o previsto e o recoñecido, tivo uns efectos positivos na liquidación dos estados orzamentarios, xerando un Remanente de tesourería positivo, ao que contribuiu notablemente a transferencia feita polo Concello por una contía de 474.229,19 euros, correspondente ao remanente negativo do ano 2011.

Devolución de Ingresos.

O importe das devolucións de ingresos efectuadas foi de 10.270,79 euros.

20.b) Exercicios pechados.

Obrigas de orzamentos pechados.

Este estado recolle a información sobre as obligas de orzamentos pechados con detalle por anos e aplicacións indicando o saldo inicial, as modificacións, os pagamentos e as obligas pendentes ao peche de exercicio.

Neste ano, houbo movementos por importe de 320.163 euros, a maioría procedentes do exercicio do ano 2012, e o saldo final de obligas pendentes de pagamento ao peche de exercicio é 150.691,39 euros.

Dereitos a cobrar de orzamentos pechados.

O estado de referencia recolle a información sobre os dereitos de orzamentos pechados con detalle, por ano e concepto, de saldo inicial, modificacións, anulacións, recadación



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

e pendente ao final do ano. No ano 2013, recadáronse 1.060.539,02 euros de exercicios pechados.

No exercicio 2013 tramitáronse expedientes de regularización de saldos, tramitando anulacións de dereitos de exercicios pechados por unha contía de 386.209,54 euros. Na maioría dos casos, son dereitos liquidados por acordos con outras administracións en exercicios anteriores, non procedendo a execución do compromiso de ingreso e dando lugar á tramitación do expediente de anulación de dereitos polos devanditos saldos.

20.c) Exercicios posteriores.

Non existe gasto que supoña un compromiso futuro, polo que o estado non recolle ningún movemento.

20.d) Proxectos de gastos e financiación afectada.

Nos estados obtidos da aplicación informática aparecen os datos relativos á execución dos proxectos de gastos existentes, a maior parte deles correspondentes a proxectos con financiación afectada, así como as desviacións de financiamento producidas.

Os proxectos de gastos presentan un gasto previsto total de 7.932.104,13 euros, un gasto comprometido de 4.656.991,31 euros, obrigas recoñecidas por importe total de 4.404.564,83 euros e un gasto pendiente de realizar de 3.527.539,30 euros.

Polo que respecta ás desviacións de financiación de gastos con financiación afectada, os estados contables reflecten desviacións positivas no exercicio 2013 por importe de 549.278,16, obtidas pola diferencia entre dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas de cada un dos proxectos de gasto con financiación afectada.

As desviacións negativas de financiación, por importe total de 684.033,20 euros, equivalen á execución, en fase de obriga recoñecida, das remanentes de crédito de exercicios anteriores incorporadas ao exercicio 2013 (todas elas financiadas con remanente de tesourería afectado).

20.e) Remanente de Tesourería.

O Remanente de Tesourería total ten un resultado positivo de 1.234.222,62 euros, lixeiramente superior ao resultado do exercicio 2012 (1.136.553,50), fronte a contía negativa de 2011 e 2010. Os orzamentos dos anos 2012 e 2013, foron aprobados cun superávit equivalente ao Remanente Negativo, totalizando ambos superávits 3.188.429,93 euros, polo que queda saldado o remanente negativo do ano 2011.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

Existen saldos pendentes de cobro de exercicios pechados por contía de 3.137.776,70 euros, cunha recaudación no exercicio do 23,13%, 1.060.539,02 euros.

Dos saldos pendentes de cobro, 1.694.140,76 euros, corresponden ao capítulo III do estado de ingresos.

A dotación para saldos de dubidoso cobro que se está a facer pola contía de 1.517.883,00 euros, representa un 48,38% do total. As transferencias de capital foron obxecto dun axuste e baixa no ano 2013 por unha contía de 339.504,96 euros, polo que, as restantes, están avaliadas como cobrables. A dotación a saldo de dubidoso cobro, está destinada ao capítulo III, dando cobertura ao 89,61% dos saldos de exercicios pechados.

21.- INDICADORES

Constitúen unha ferramente para que o xestor público poida tomar decisións e para o control do que está sucedendo. Os indicadores non son un obxectivo en si mesmos, son instrumentos de xestión.

A IMNCL establece distintos tipos de indicadores: financeiros e patrimoniais, orzamentarios de orzamento corrente e de exercicios pechados, así como os de xestión. Para facer unha análise de detalle, a continuación exponse os estados de execución de gastos e ingresos comparados, así como outros indicadores.

Magnitude	Contía ou signo
Remanente de Tesourería para gastos xerais	1.234.222,62
Resultado orzamentario axustado	464.321,87
Aforro neto axustado	-434.321,87
Estabilidade orzamentaria, capacidade de financiamento	555.797,10
Regra de gasto, comparada en termos da guía, 1ª edición MINHAP	cumple
Tesourería	2.701.499,08
Obrigas orzamentarias pendientes de pagamento ao peche	452.118,85
Dereitos pendientes de cobro ao peche	3.969.785,44
Dotación a saldos de dubidoso cobro	1.517.883,00



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

Indicadores Orzamentarios

Medida	Valor
Liquidez (tesourería/acreadores orzamentarios e non orzamentarios)	2,86 veces
Execución do estado de gastos (Créditos definitivos/obrigas R. netas)	74,00%
Realización de pagamentos (Pagamentos netos/obrigas R. netas)	96,21%
Período medio de pagamento (O pdtes. pagamento/O R. netas)x365 días	13,83 días
Execución estado ingresos (previsións definitivas/DR netos) incluíndo financiación de remanentes	73,81%
Execución estado ingresos (previsións definitivas/DR netos) excluíndo financiación de remanentes	95,21%
Realización de cobros (Recadación neta/DR netos)	89,96%
Realización pagamentos exercicios pechados (pagamentos realizados/saldo inicial+modificacións)	68,00%
Realización recadación pechados (cobros realizados/saldo inicial+modificacións)	25,26%
Grado de dependencia (DR netos IV, VII/gasto total)	85,65%
Grado de cobertura (DR netos corrientes/obrigas R. netas corrientes)	93,58%
Autonomía (I, II, III, V, VI e VIII/DRNT)	17,75%
Autonomía Fiscal (I, II, III/DRNT)	13,15%

A análise dos indicadores ven confirmar que o axuste no orzamento tivo un efecto positivo na execución e cumprimento das previsións feitas, aínda que o grao de dependencia mantense en niveis elevados, mantendo todas as magnitudes a mellora do exercicio anterior en xeral.

O período medio de pagamento, cumpliu co establecido na Lei 15/2010 e co previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, rexistrando unha mellora importante en relación co ano precedente.

A liquidez dá para fazer fronte a todas as obrigas, tanto orzamentarias como non orzamentarias, en 2,86 veces.

En canto a recadación de exercicios pechados, no ano 2013 tivo unha importancia relevante en relación co ano 2012.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

22.- BALANCE DE COMPROBACIÓN

Trátase dun documento contable que permite facerse unha idea sobre a situación do Organismo, e as operacións realizadas no período. Denomínaselle tamén Balance de Sumas e Saldos.

O obxectivo final deste balance, é comprobar que non existen asentos descuadrados na contabilidade.

A diferenza do balance final, o balance de comprobación de sumas e saldos non require de periodificación contable, do cálculo do resultado do período, nin do peche da contabilidade para a súa elaboración.

23.- ACONTECIMIENTOS POSTERIORES AO PECHE

Non existen feitos relevantes con posterioridade ao peche que alteren aos estados e contas anuais que se presentan, salvo os que se derivan da propia materialización de cobros e pagamentos pendentes ao peche do exercicio.

AMH

Vigo, 1 de abril de 2014

CONFORME
A XERENTE

Maria Carneiro López

O xefe dos Servizos Centrais

Juan González Ramírez